

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 30 marzo 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

PARIS-ROMA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Diego Martin-Etxebarria, director

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Diego Martin-Etxebarria



PROGRAMA

I

GEORGES BIZET (1838-1875)

Jeu d'enfants (*Xogo de nenos*)

Marche (Trompette et tambour)

Berceuse (La poupée)

Impromptu (La toupie)

Duo (Petit mari, petite femme)

Galop (Le bal)

GERMAINE TAILLEFERRE (1892-1983)

Ballet Marchand d'oiseaux (*Vendedor de paxaros*)

Allegro moderato

Allegretto

Allegretto

Pavane

Lent

Final: très vite

II

GEORGES BIZET (1838-1875)

Sinfonía núm. 2 "Roma"

Une chasse dans la forêt d'Ostie


Allegretto vivace

Une procession

Carneval

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxo, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director

Diego Martin-Etxebarria

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)
Adriana Winkler (axuda de concertino)
Anca Smeu **
Daniel Kordubaylo
Michal Ryczel
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Claudio Guridi
Victoria Jurov

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Irina Gruia
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Kiyoko Ohashi

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Ionela Ciobotaru
Timur Sadykov
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Thomas Piel **
Carlos García
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Rosalba Olivares ***

CLARINETES

Vicente López *
Bernardino Assunção (R)

FAGOTES

Manuel Veiga *
Daniel Otero (R)

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Adrián Lavía (R)

TROMBÓNS

David M. Rodríguez (R)
Rita Fernández (R)
Faustino Núñez (R)

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Carlos López ***

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Juan Martín (R)
Sergio Sanchís (R)
Gonzalo Otero ***

PIANO/CELESTA

Haruna Takebe (R)

ARPA

Mónica Gallego (R)

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

DIEGO MARTIN-ETXEBARRIA DIRECTOR

Principal Director Residente do Teatro da Ópera de Chemnitz desde 2020, Diego Martin-Etxebarria foi Principal Director Residente e Vicedirector Musical Xeral dos Teatros de Krefeld e Mönchengladbach entre os anos 2016 e 2020. Atraeu a atención internacional tras ser galardoado co Primeiro Premio, o Premio Hideo Saito e o Premio Asahi no Concurso de Dirección de Orquestra de Toquio en 2015.

Entre os pratos fortes da tempada 2022/23 figuran a ópera (unha Gala xunto a Gregory Kunde e Carlos Álvarez no Teatro Real, *Das schlaue Fuchslein* de Janacek e *Die lustige Witwe* de Léhar no Theater Chemnitz) e o ballet “*A Cincenta*” de Prokofiev, así como varios concertos á fronte da Robert Schumann Philharmonie. O mestre Etxebarria tamén debuta xunto á Real Filharmonía de Galicia con obras de Georges Bizet e Germaine Tailleferre.

Foi convidado por orquestras internacionais como a Filharmónica de Osaka, Yomiuri Nippon Symphony, Filharmónica de Nagoya, Filharmónica de Kansai, Sinfónica de Osaka, Sinfónica Central de Aichi, Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia, Philharmonisches Orchester Freiburg ou a Capella Sinfónica Estatal de San Petersburgo.

En territorio español dirixiu a Orquesta Nacional de España, a Sinfónica de Radiotelevisión Española, Sinfónica de Bilbao, Sinfónica de Euskadi, Sinfónica de Galicia, Sinfónica de Barcelona, Sinfónica de Tenerife, Orquesta Ciudad de Granada, Filarmónica de Málaga, Oviedo Filarmonía así como a Sinfónica do Vallés.


En ópera dirixiu *Die Verwandlung* e *Die Blinden* de Paul-Heinz Dittrich na Berliner Staatsoper, *A Bohème* de Puccini no Theater Augsburg, *Don Pasquale* no Centre Cultural de Terrassa, *Rita* no Volksbühne

de Berlín, *O gato con botas* de Montsalvatge no Teatro Real, *Die Zauberflöte* de Mozart no teatro de Chemnitz, a Kleines Haus de Dresden e o Theater Krefeld, *Carmen* de Bizet no Festival de Santa Florentina, *Powder her face* no Teatro Arriaga, *Tres chapeus de copa* no Teatro da Zarzuela, *Hänsel e Gretel* de Humperdinck, *The Consul* de Menotti, *Nabucco* de Verdi, *Gianni Schicchi* de Puccini, *Cavalleria rusticana* de Mascagni, *Die Faschingsfee* de Kálmán, *Orfeonos Infernos* de Offenbach e *Rusalka* de Dvorak nos Teatros de Krefeld e Mönchengladbach.

Recentemente gravou un álbum para SONY con música de Albert Guinovart dirixindo a Orquesta Sinfónica de Barcelona, así como a ópera de Udo Zimmermann *Der Schuhu und die fliegende Prinzessin* para Deutschlandfunk. Gravacións anteriores inclúen o CD *Intimitats* con música premiada do compositor Marc Temón, a comedia lírica *La Viola d'Or* de Enric Morera (Premio

Enderrock á Mellor Crítica de Álbum Clásico 2016), o DVD *Sinfokids 2* á fronte da Orquesta Sinfónica de Euskadi e a ópera curta de Joaquim Serra *Tempesta esvaída* á fronte da Orquesta Camera Musicæe.

Martin-Etxebarria comezou os seus estudos musicais nos Conservatorios de Amurrio e Vitoria e graduouse en dirección de orquestra na Escola Superior de Música de Cataluña (Barcelona). Bolseiro pola Fundación Humboldt, La Caixa-DAAD e a AIE cursou estudos de posgrao en dirección de ópera nas Hochschulen de Weimar e Dresden así como na Accademia Chigiana de Siena (Italia) con Gianluigi Gelmetti. Outros mestres na súa formación foron Riccardo Frizza, Donato Renzetti, Dima Slobodeniouk, Christopher Seaman, Jesús López Cobos, Titus Engel ou Lutz Köhler.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Gañador do Prix de Rome en 1857, un Bizet moi novo viviu no pazo de Vila Medici da Academia Francesa en Roma ata 1860, sen a incerteza de loitar polo sustento diario. Os anos que permaneceu nesa cidade foron probablemente os máis felices da súa vida seguindo o consello de Gounod, de empaparse de todo o que a cidade ofrecía. Acabou namorándose da urbe e da vida comunitaria cos estudantes da Vila, tanto que en maio de 1858 nunha carta á súa nai escribiu: “Hai diferentes formas de estudar Roma: pódese mirar máis o aspecto artístico, ou o pictórico e poético, incluso a relixión e a política, ou poden observarse os costumes e o carácter dos seus habitantes. Este último aspecto, aínda que interesante, resulta moi difícil de investigar, dada a total exclusión dos franceses da sociedade italiana. Encontramos as portas pechadas, de feito os franceses non son moi populares aquí. Pero se os italianos fan barricadas nas súas casas, non poden pechar os seus museos, os

seus campos, as súas igrexas, o seu ceo [...] Trabállase mellor en Roma que en París. Canto máis avanzo, máis imbéciles considero aos que non entenderon a fortuna do xubilado da Academia, notei que estes últimos nunca fixeron grandes cousas. Halévy, Thomas, Gounod, Berlioz, Massé, teñen bágoas nos ollos cando falan de Roma. Leborne, Galibert, Cohen, Elwart atribúen a súa nulidade ao tempo perdido, din, na Academia. Estou máis seguro ca nunca do meu futuro, non porque crea que non teño nada máis que facer, senón porque creo que podo e porque quero [...] Teño en mente unha sinfonía que me gustaría chamar Roma, Florencia, Venecia e Nápoles. Está estudado á perfección: Venecia será o *Andante*, Roma o primeiro movemento, Florencia o *Scherzo* e Nápoles o *Finale*”. Mentres que Bizet compuxo a súa *Primeira Sinfonía* nun mes; a segunda fíxoo durante once anos e para el, foi sempre “a miña sinfonía”. A historia da composición non é clara e non se pode asegurar

se inclúe material da citada sinfonía 'italiana' da carta á súa nai. A primeira versión completouna en xullo de 1866. O primeiro movemento, orixinalmente, era un tema e unha serie de variacións de estrutura formal pouco esixente; foi escrito, novamente a principios do verán de 1868, desaparecendo as variacións e mantendo o tema con modificacións mais o *Andante* —anticipo do *Adagietto* de *L'Arlesienne*— escrito para cordas en catro partes, tamén sufriu transformacións. Nese momento, Bizet inseriu o tema en Do maior final, que encaixaba perfectamente. A segunda versión rematouna en xuño; en outono, sinalou a súa desconformidade co final e en febreiro de 1869, Jules Pasdeloup dirixiu tres dos movementos (non o *Scherzo*), presentándoos como *Fantaisie symphonique, Souvenirs de Rome*. Bizet revisou a partitura por terceira vez en 1871 e foi interpretada completa en outubro de 1880 cando, de novo, Pasdeloup presentouna como *Roma, Symphonie en quatre*

parties. Ese mesmo ano, Antoine de Choudens publicou a obra co título *Roma, troisième suite de concert* ben recibida polo público pero ignorada pola crítica pois, segundo Winton Dean "...non é suficientemente explícita para a música programática e está demasiado vagamente construída para unha sinfonía abstracta". Na actualidade, aínda que non moi interpretada, é considerada unha das pezas máis singulares e interesantes do compositor, de gran riqueza e variedade musical, dado o uso de escalas harmónicas, a alternancia entre seccións de corda e vento ou a orixinalidade na combinación do estilo puramente francés con influencias do folclore italiano.

De volta en París, tras a súa estadia en Roma, Bizet compón *Os pescadores de perlas* (1863) para o Théâtre Lyrique, *A bela rapaza de Perth* (1867) e *Xogo de nenos* que, —precedente da

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


moda francesa de comezos do século XX de escribir para piano a catro mans— foi composta en 1871, cando estaba a piques de ser pai. Inspirada nas lembranzas infantís do autor, reveladas nunha ducia de entretementos para a nenez con títulos tan evidentes como *A randeeira*, *A buxaina*, *A boneca*, *Trompeta e tambor*, *A pita cega*, *Pompas de xabón...*, a peza resulta plena de enxeño e creatividade, alegre e luminosa, xusta en cor e textura, descrita polo musicólogo inglés Hugh Macdonalds como “un bo exemplo de gran sofisticación ao servizo da aparente inxenuidade”. Un ano máis tarde, o propio Bizet, tamén como precursor da orquestración de música orixinalmente escrita para piano, converteu cinco dos movementos nunha obra titulada *Pequena Suite* para orquestra na que sen un gran despregamento de recursos compositivos, alternando pezas lentas e rápidas, consegue un maxistral traballo, malia non ser especialmente virtuosístico.

A versión orquestral comeza con trompeta e tambor que pasará a denominarse *Marcha* pois representa o desfile dos soldados de xoguete a través de crescendos e decrescendos das enérxicas trompetas e o repenique da percusión; a seguir *Berceuse* que na peza primitiva titulábase *A boneca*, claro contraste co número anterior, unha canción de berce apracible e relaxante nas mans das cordas, as madeiras e o violoncello. En claro contraste, *A buxaina* é unha peza vivaz que comeza cun acorde *fortissimo*, como o estalo rápido cando se lanza o trompo e mantense nunha figura xiratoria de acordes puntuados para finalizar nunha harmonía descendente sostida cando o xoguete deixa de virar. *O Duo* corresponde ao número 11, *Papás e mamás*, que representa as crianzas xogando ás casiñas cunha tenra e sentida melodía, un diálogo entre os primeiros violíns (papás) e os violoncellos (mamás), cun toque de emotividade pero sen afastarse do carácter lúdico que impregna a

partitura. Para rematar o *Galop (O baile)*, unha danza a cargo de toda a orquestra chea da vivaz enerxía dos rapaces, forma unha conclusión estimulante para unha obra que destaca polo seu encanto melódico e a súa delicadeza.

Germaine Tailleferre comezou moi nova a tocar o piano coa súa nai, Marie-Désirée Taillefesse e a compoñer pequenas pezas que a levaron, en 1904, ao Conservatorio de París para estudar piano e solfexo con Eva Sautereau. Foi nese Conservatorio, na clase de contrapunto, onde en 1912 coñece a Milhaud, Auric e Honegger e, entra a formar parte do afamado grupo Les Six (Os Seis), contrarios á exuberancia do impresionismo de Debussy e á intensidade do wagnerianismo vixente na música francesa da época. Frecuentan o mundo artístico parisiense tratando con Guillaume Apollinaire, Paul Fort, Fernand Léger ou Marie Laurencin cuxas acuarelas, Cocteau relacionaba coa música

de Tailleferre, nunha comparación pouco apropiada aínda que inxenuidade, frescura e feminidade, son calidades asociadas coa compositora desde a súa chegada a Les Six, aínda que en gran parte do seu catálogo, encóntrase obra de auténtico vigor, con harmonías de gran sensualidade e inesperada austeridade. En 1913, gaña o primeiro premio de Contrapunto e Harmonía do Conservatorio e, afastada do seu pai (pola súa oposición aos seus estudos musicais e a súa negativa a seguir financiándoos), muda o apelido a Tailleferre. Relaciónase con Picasso e Modigliani, en cuxo obradoiro tivo lugar o primeiro concerto dos Nouveaux Jeunes, no que estaban Poulenc e Durey e no que se tocaron as súas obras *Jeux de plein air* e a *Sonatine pour quatuor à cordes*. O seu catálogo compositivo foi variado e significativo, cargado de virtuosismo e dunha particular intelixencia e sentido do humor que a levaron a




REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

crear obras de gran autenticidade e fonda expresividade. O seu ballet *Vendedor de paxaros* foi estreado en 1923 polos Ballets Suecos, no Teatro dos Campos Elíseos, con libreto de Hélène Perdriat e coreografía de Jean Börlin, resultando o seu primeiro grande éxito de público pero deostado pola crítica que o sinalou como “nimiedades”, “cousas femininas” incluso escribiu que Tailleferre e Perdriat “non tiñan nada mellor que facer e divertíronse vestindo as súas bonecas” chegando a catalogalo como un “manifesto feminista” cando sería máis adecuado, no contexto do desenvolvemento do modernismo musical de entre guerras, entendelo como un ballet neoclásico tal e como recolle outra nova de prensa “*Estreas: Teatro dos Campos Elíseos, Ballets Suecos*. O espírito desborda en forma de parodia delicada e divertida, a técnica sempre é fina, escollida, lixeira, indicando un coñecemento seguro non só da música moderna senón tamén dalgúns dos nosos

clásicos”. *Vendedor de paxaros* cita e alude a varios compositores e estilos, entre os que resalta o barroco con harmonías, texturas e fraseo modernista de xeito ocasional e sen esquecer as influencias de Ravel, Debussy ou Stravinski ao que Tailleferre admiraba. Como resultado unha obra colorida e evocadora, imaxinativa, de atmosfera máxica e fantástica, cuxa música evoluciona presentando personaxes e escenas tan recoñecibles como o vendedor que chama a atención cos seus paxaros, os transeúntes parisienses que se achegan, a tristura da nena que perde a súa ave, a danza das bolboretas... para crear unha historia cativadora sobre a vida na cidade de París nos anos vinte.

2023



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 13 abril 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

TESOUROS MUSICAIS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora-concertino

- Carl Philipp Emanuel Bach: Sinfonía en Sol maior
- Johann David Heinichen: Sinfonía en Fa maior
- Carl Philipp Emanuel Bach: Sinfonía en Re maior
- Franz Joseph Haydn: Sinfonía núm. 47 en Sol maior, "Palíndroma"

Xoves 20 abril 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

HOMENAXE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Silvia Careddu, frauta

Juan Carlos Fernández Nieto, piano

- Antón García-Abril: Concierto de la Malvarrosa
- Johannes Brahms: Sinfonía núm. 1 en Do maior, op. 68

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Paul Daniel

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con...

Amandine Beyer



Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

